


Servizos ecosistémicos

Almacenamento de carbono



Cantidade de madeira aproveitada



Produción de cogomelos



Mitigación da erosión do solo



Provisión de auga



Hábitat para a biodiversidade



Resiliencia da especie



Intensidade de xestión requirida



DL: C 195-2021



Referentes de boas prácticas forestais



- Cumprimento de toda a **lexislación aplicable**
- Fomento do **uso múltiple do monte**
- Aposta pola ordenación, **planificación** e xestión forestal
- Garante da persistencia da masa arbórea coa **repopoación** artificial e a **rexeneración** natural
- Detección precoz de **pragas e enfermidades**
- Emprego de **produtos fitosanitarios** en casos excepcionais
- Vixilancia e información sobre posibles **incendios**
- Aplicación de **tratamentos silvícolas** recomendados
- Aposta pola **trituration de restos** e a súa compostaxe ou aproveitamento enerxético
- Racionalización da **rede viaria** forestal
- **Conservación de fauna e flora**
- **Xestión de residuos**
- **Minimización de impactos** paisaxísticos e no ambiente
- Cumprimento da lexislación vixente en materia de **seguridade e saúde laboral**

Modelo silvícola SEF

Masas consolidadas de frondosas autóctonas



Masas consolidadas de frondosas autóctonas

Quercus spp. e Castanea spp.

MODELO SILVÍCOLA SEF


Persistencia e produción de madeira de serra

1 REXENERACIÓN

- **Marco e densidade de plantación:** procurarase asegurar a presenza de 200 árbores de posible uso comercial por ha. O material vexetal para plantación de enriquecemento será seleccionado ou, preferiblemente, cualificado e controlado.
- **Arborado de acompañamento:** densidade de 3.000 a 1.200 pés/ha das árbores de acompañamento. As rareas suporán a súa retirada sucesiva, para deixar unicamente 200 pés/ha nas cortas de rexeneración.

2 MANTEMENTOS

- Rozas, con mantemento das faixas abertas, roza manual ao redor do arborado de porvir e roza perimetral.



MODELO SILVÍCOLA SEF

ESPECIE: formacións de frondosas, en particular as masas consolidadas de frondosas autóctonas, e outras formacións de frondosas

OBXECTIVO: plantación de enriquecemento con especies que permitan un aproveitamento comercial, sobre formacións inicialmente de escaso valor económico

DISTRITOS PREFERENTES DE APLICACIÓN: todos os distritos forestais. Formacións de frondosas consolidadas, con carencia de intervencións silvícolas previas e falta de potencial comercial futuro do arborado presente, pero capaces de albergar plantacións de especies de madeira valiosa: cerdeira, pradairo, freixo ou mesmo nogueira, aproveitando o acompañamento lateral xa existente

3 TRATAMENTOS SILVÍCOLAS

- **Podas e podas de formación:** realizaranse podas sobre o arborado de porvir. As podas comezarán cun diámetro normal medio de 8-10 cm. Subiranse sucesivamente as podas ata 5,5-6 m en tres intervencións, con subida de poda de 2 m.
- **Desmestas:** desmesta en idade de monte bravo, con selección de pés de porvir e apertura de faixas. Apertura de ocos para a plantación (4 m x 4 m), utilizando pé de 3 zumes de materiais de alta calidade xenética. Desmestas sucesivas.
- **Rareas:** 3-4 rareas comerciais sobre arborado de acompañamento a partir dos 25 anos, asegurando a sombra lateral dos pés de porvir.

4 CORTA FINAL

- **Idade de corta:** aos 40 anos con predominio de cerdeira e castiñeiro en boas estacións. Aos 60 ou mesmo 80 anos, no resto dos casos.
- **Métodos de corta:** variables, desde cortas por bosquetes de 1-2 ha a cortas a feito en dous tempos ou rareo sucesivo.